



**Atte. D<sup>a</sup>. Irene Bonome**

**Responsable do Observatorio Galego  
da Sociedade da Información - OGSÍ**

## **A PROPOSTA**

Estudio sobre a **“Relación do uso das TIC coa participación das mulleres nos ámbitos de representación e toma de decisións”**

## **ANTECEDENTES**

Na actualidade, o fomento do uso das TIC ten unha relación clara cunha maior cualificación dos postos de traballo. Falase das novas tecnoloxías como *favorecedoras do coñecemento*, da *axilización de procesos*, de *vantaxes competitivas* e de *fonte de innovación e progreso*.

Semella que estes aspectos *deberían traducirse nun avance social tanxible e favorable á eliminación de desigualdades*. Sen embargo, a pesar de hoxe en día as mulleres presentan unha notable superioridade no grao de formación académica, isto **non se está a traducir nunha equiparación real**, nin na tipoloxía de traballos que desempeñan, nin na súa retribución real *e moito menos na súa participación nos ámbitos de decisión*.

Se ben existen estudos que contemplan o xénero entre as variables na recollida de datos e se teñen elaborado algúns indicadores de referencia no



colectivo de persoas asalariadas, *non así no ámbito de representación e toma de decisións.*

**Así, cabe pensar que, nestes ámbitos de poder, baseados fundamentalmente na información e na interrelación, o uso das TIC debería constituír un importante facilitador e, polo tanto, un importante factor democratizador no seu desenvolvemento.**

*Sen embargo, a non existencia de datos específicos non permite establecer liñas de estudio que axuden a clarificar a repercusión real sobre a súa influencia nas desigualdades nos ámbitos empresariais e de alta dirección.*

A FEDERACIÓN DE EMPRESARIAS DE GALICIA (FEGA), constituída en 1989, é una organización de empresarias, profesionais e directivas, de carácter intersectorial, independente da Administración, das organizacións de traballadores/as e dos partidos políticos que, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, ten como misión a representación, *coordinación, xestión, fomento e defensa dos intereses que lles son comúns nos ámbitos económico, administrativo, político e social, así como a normalización da participación das empresarias nos ámbitos de representación e toma de decisións.*

Atendendo aos colectivos aos que representa, para o cumprimento dos obxectivos da Federación resulta *fundamental contar con datos fiables para a investigación das causas que impiden as empresarias incorporarse aos centros e órganos de decisión* que teñen una especial relevancia na competitividade das súas empresas e, polo tanto, no seu desenvolvemento profesional e empresarial.



Así, considerase fundamental contar con datos sobre:

1. O grau de penetración e uso das TIC en ámbitos de decisión
2. A influencia das TIC nos procesos de información e interrelación na toma de decisións
3. A actual presenza das mulleres nos ámbitos de decisión e representación

Pretendese *constatar se as TIC están a aportar algún grau de innovación a estes procesos e se esta innovación ten algunha influencia sobre aspectos que tradicionalmente teñen apartado ás mulleres dos ámbitos de decisión como é, por exemplo, o uso do tempo.*

A percepción inicial é que *nos círculos de poder tan só se teñen incorporado as novas tecnoloxías dun xeito tanxencial*, é dicir, nos equipos que rodean ás persoas que o exercen polo que nos aspectos clave, *seguen a perdurar os métodos tradicionais de dispoñibilidade física e horaria absoluta e de círculos informais continuadores nos que o xénero continua a ser un factor de exclusión do espacio, dos tempos e do traballo.*

Para o establecemento da relación entre a implantación real de novos procesos baseados nas novas tecnoloxías e o acceso ao exercicio do poder, é preciso contar con datos específicos que permitan abrir perspectivas de análise para o deseño de actuacións e accións de sensibilización.



O estudio se realizará entre os órganos de decisión das organizacións empresariais e profesionais, os colexios oficiais e os consellos galegos e órganos consultivos gobernamentais de aplicación na comunidade autónoma. O estudio realizarase con criterios de xénero aplicados de xeito transversal para o que será necesario ter en conta a presenza das mulleres en postos de decisión desde a relación da propiedade e postos directivos das empresas nos distintos sectores.

Para a súa elaboración se realizarán enquisas e entrevistas nunha ampla mostra representativa das catro provincias.

## FASES DO ESTUDIO

- I. Análise previa para o establecemento de variables a ter en conta
- II. Selección de persoas expertas para a composición do equipo de traballo
- III. Estudio e selección das fontes e elaboración da base de datos
- IV. Deseño das enquisas (información cuantitativa) e das entrevistas semi-estructuradas (información cualitativa)
- V. Realización das enquisas e entrevistas
- VI. Proceso da información recollida
- VII. Análise e elaboración do estudio



## VIII. Elaboración das conclusións

# PLANIFICACIÓN

Se realizará entre os meses de maio de setembro de 2009

## DIFUSIÓN

Para a difusión dos resultados se realizará a súa presentación en Santiago e o estudio se incorporará á Web da Federación. Así mesmo, se realizará a súa difusión aos medios de comunicación con especial incidencia a través da rede.

Así mesmo, se procurará a súa edición en papel para a súa difusión en centros de documentación e bibliotecas a fin de incidir e sensibilizar, especialmente ás propias mulleres, sobre a importancia da súa participación activa nos ámbitos de decisión. Para a publicación en papel, se presentará solicitude de subvención a través das convocatorias en vigor que resulten de aplicación.

## ORZAMENTO DO PROXECTO

Para a correcta realización do proxecto estímase un custe mínimo de 18.000 €(dezaoito mil euros)